



REASIGNACIÓN DE NIVEL CURSO 24-25

Alumnado de novo acceso:

Ao longo dos meses de setembro e outubro, as escolas poderán realizar modificacións na adscrición inicial do **alumnado de novo acceso** que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. A dita reasignación realizarase por proposta xustificada do/da profesor/a do grupo, ratificada polo departamento.

Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación.

Antigo alumnado:

Igualmente, o antigo alumnado que **non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2024-25** poderá ser adscrito a calquera dos cursos inferiores ao nivel que xa ten superado. A súa matrícula terá a consideración de **matrícula de actualización**, polo que non realizará as probas no curso que xa ten superado.

En ambos os casos, a nova adscrición estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e non suporá a expedición do certificado do curso de procedencia do alumnado nin dos niveis que xa teña superados. O/a alumno/a deberá aceptar a reasignación de curso, asinando o documento da proposta (anexo VI da Resolución do 16 de maio de 2021). Esta circunstancia non terá efectos académicos e farase constar no expediente do/da alumno/a.